

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021/2022

CENTRO: IES CHAN DO MONTE  
CURSO: 1º ESO  
MATERIA: Lingua Galega e Literatura  
DEPARTAMENTO: Lingua Galega e Literatura  
DATA: 04/04/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

<b>1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</b>	
<b>1ª Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 1ª avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nota das probas escritas 60%</li> <li>- Nota de traballo 40%</li> </ul>
	<p><b>Procedemento de recuperación da 1ª avaliación:</b></p> <p>Dada a natureza práctica e instrumental da materia, a avaliación é continua en todos os apartados. Valorarase a evolución progresiva do alumno, e coma se reflicte abaixo, a fórmula aplicada para a obtención da avaliación final concede maior peso a terceira avaliación.</p> <p>Tendo en conta que a avaliación é formativa, tamén se rectificaron nas seguintes avaliacións aqueles aspectos do proceso de ensinanza e aprendizaxe co fin de contribuír a mellorar a adquisición de competencias.</p>
<b>2ª Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 2ª avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nota das probas escritas 60%</li> <li>- Nota de traballo 40%</li> </ul>
	<p><b>Procedemento de recuperación da 2ª avaliación:</b></p> <p>A avaliación é continua en todos os apartados. Valorarase a evolución do alumno, e coma se reflicte abaixo, a fórmula aplicada para a obtención da avaliación final concede maior peso a terceira avaliación.</p>
<b>3ª Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 3ª avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nota das probas escritas 60%.</li> <li>- Nota de traballo 40%</li> </ul>
	<p><b>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:</b></p> <p>Recuperarase na avaliación final a través dunha proba escrita, examinando ao alumno dos estándares non acadados.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Cálculo da nota da avaliación final:</b></p> <p>Realizarase unha media ponderada, consonte a seguinte distribución: 50% (media da primeira e da segunda avaliación) e 50% (nota da terceira avaliación).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O alumnado con <b>avaliación positiva</b> na terceira avaliación: Tomarase esta nota como referencia, coa posibilidade de subila 0.5 puntos co traballo creativo e de reforzo que farán en xuño.</li> <li>- Os alumnos con <b>avaliación negativa</b> farán unha proba final dos estándares non acadados, despois de traballalos nas dúas semanas de xuño.</li> </ul>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><b>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 50% nota das probas escritas</li> <li>- 50% nota do boletín de actividades</li> </ul> <p>Se a media é inferior a 5 puntos, terán dereito a unha proba escrita no mes de xuño. A puntuación acadada nesta proba será a que figure no boletín.</p>

	<p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <p>Levaranse a cabo dúas probas escritas, unha no mes de febreiro e outra no mes de abril. Ademais, o alumnado presentará un boletín de exercicios que lle servirá para preparar os contidos deses exames. A profesora encargárase da supervisión deste boletín e de resolver as posibles dúbidas sobre a súa realización.</p>
--	--

<b>2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)</b>	
<b>Metodoloxía</b>	<p><b>Empregaranse dous tipos de metodoloxías:</b></p> <p>O alumnado que teña que facer a proba final de recuperación dalgún estándar fará actividades e tarefas moi guiadas, similares ás da proba, co fin de acadar eses estándares e de axustar o traballo ás esixencias do exame.</p> <p>Os alumnos que teñan a materia superada farán traballos creativos que reforcen o aprendido durante o curso, preferiblemente colaborativos e que poidan realizar de forma autónoma coa supervisión da profesora</p>
<b>Actividades tipo</b>	<p>Para o alumnado que ten que recuperar, proporcionaráselle boletíns con tarefas axustadas ás necesidades individuais.</p> <p>As actividades creativas do resto do alumnado consistirán na redacción de textos que supoñan un repaso dalgúns contidos da materia estudada. Estes poden ser presentados dixitalmente con algunha aplicación.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Boletíns de traballo e ordenadores.